Concello de Ortigueira

festival de Ortigueira®

## BENVID@S AO MUNDO CELTA!

#ORTIGUEIRA
O FESTIVAL
LOXÍSTICA
CONCEPTO E SLOGAN
CARTEL
SPOT: A UNIÓN DAS 8 NACIÓNS CELTAS EN ORTIGUEIRA
MÚSICA

## PROGRAMACIÓN 2022 #OMáisLongoDaHistoria

PROGRAMACIÓN #OMaisLongoDaHistoria
EXPOSICIÓNS
OBRADOIROS E CURSOS
FEIRA DE ARTESANÍA
FESTIVAL NO TEATRO E NA IGREXA
FEIRA DE ARTESANÍA
PROXECTO RUNAS – FINALISTAS 2020, 20221 E 2022
RELACIÓN DE BANDAS 2022
RECOMENDACIÓNS E INFO PRÁCTICA
Zona de lecer e descanso
Aparcadoiros de balde vixiados
Liña de buses urbanos
Teléfonos de interese
Zona de restauración
Coida o medioambiente
Outras recomendacións

AMIGAMOS?
ORGANIZACIÓN E PATROCINADORES
AGRADECEMENTOS
CONTACTOS

# 1. BENVID@S AO MUNDO CELTA!

## 1.1 #ORTIGUEIRA

Sobre o mapa, este territorio do norte de Galicia destaca polo seu tamaño. A localidade, de pouco máis de 7.000 habitantes, situada A metade do camiño que une Ferrol e Viveiro, constitúe un espazo rural por descubrir que apenas adiviña, na súa magnitude, quen a visita cada ano para gozar do folk e da festa global do Festival do Mundo Celta.

A súa ría protexida de importancia internacional, unha costa salvaxe, allea ao boom do ladrillo, o seu patrimonio rehabilitado, a boa mesa e a hospitalidade das súas xentes converten o municipio en destino perfecto para quen procure a tranquilidade e non se conforme con sol e praia. Se che quedan enerxías despois da noite de concertos, propoñémosche a mellor actividade paralela. Colle o necesario, e aproveita o día para perderte por esa Ortigueira descoñecida; recomendable para visitar sen afogos.

**CHEGAR**: a principal vía de comunicación é a estrada AC-862 de Ferrol a Foz e Ribadeo, que se une en Neda coa AP-9 pola que se chega á Coruña (99 Km). A distancia ata Ferrol é de 53 Km. Outra posible opción, dende Madrid, é coller a autovía A-6 ata o desvío de Rábade (saída 510) ou Baamonde (saída 523). Pasando por Vilalba e As Pontes, chégase a Ortigueira pola AC-101. (ver na web www.festivaldeortigueira.com todas as opcións de transporte público).




## 1.2 O FESTIVAL



O Festival do Mundo Celta de Ortigueira **nace** dun proxecto que os membros da **Escola de Gaitas** idean tras unha visita ao Festival de Lorient en **1978**.
Obtén os galardóns de Interese Turístico Galego e Nacional e, en 2005, é declarado **Festa de Interese Turístico Internacional** polo Ministerio de Industria Español, converténdose así nunha plataforma dende a que o mundo enteiro coñece Ortigueira e a súa comarca. En 2014 obtén o **Premio Cultura Galega** na modalidade de música.
Nas súas pasadas edicións, foron máis de **70.000 persoas** as que acudiron a este evento cultural.
Non hai dúbida de que a calidade artística e cultural acadada polo Festival, non se verá minguada en futuras edicións. Ano a ano, aumenta o investimento en infraestruturas, servizos e recursos humanos para poder acoller á gran cantidade de persoas rexistradas e poder garantir en todo momento a súa seguridade e desfrute.
Todo isto, implica un importante esforzo económico no que o Concello de Ortigueira está totalmente inmerso xunto cos patrocinadores públicos e privados. Cos novos criterios de xestión instaurados, o Festival consolídase definitivamente como referente cultural e un importantísimo motor económico.

## 1.3 LOXÍSTICA

Para o Concello de Ortigueira, é unha proba anual a nivel de produción e organización.
A presenza de máis de 70.000 persoas e a mobilización duns 10.000 vehículos fan que a operatividade sexa máxima.
Por todo isto, a organización pon a disposición do Festival máis de 100 efectivos de Protección Civil así como seguridade privada.
Así mesmo, increméntanse os servizos de policía e emerxencias médicas.
Durante o Festival, increméntase a frecuencia e o número de transportes públicos para chegar a Ortigueira. Negociáronse tarifas especiais con empresas de trens e autobuses para unha maior comodidade dos asistentes.
Habilitaranse zonas de aparcadoiro para uns 15.000 vehículos.
Un ano máis, Morouzos será a zona de descanso.




## **1.4 CONCEPTO E SLOGAN**: #EightNationsOneCulture

Tras máis de 40 anos desde o primeiro festival de Ortigueira, neste 2019 deseñouse unha edición moi especial. Queremos volver á orixe da cultura que empapa esta celebración musical, cultural, social e histórica. Por iso desde Ortigueira realizase un chamamento ao resto de nacións celtas, invitándoas a compartir con nós un novo festival. Este feito é orixe do cartel deste ano, e é o espírito que percorrerá toda a edición. Chamados por Breogán (reencarnado no gaiteiro), representantes das restantes sete nacións celtas dirixense a Ortigueira movidos por un espírito de comunidade, por unha música, por unha cultura e historia comúns. Todo iso viviremos en Ortigueira este ano.

## HISTORIA

Este ano desde a dirección do festival apostamos por facer algo diferente. O peso comunicacional do 40 aniversario fora forte, e facía falla atopar un estímulo que mantivese ou superase o nivel. Por iso pensamos en tentar transmitir a importancia do festival dunha maneira didáctica. E que é o que ocorre en Ortigueira cada ano?

Persoas de todas as partes do mundo xúntanse durante 4 días en Ortigueira para gozar da música Celta nun ambiente de cordialidade, respecto e natureza.

Para comprimilo e enfocalo tematicamente, pensamos que a mellor maneira sería contar unha historia. E se como é o noso caso, a historia é parte da Historia, pois moito mellor.

Para chegar á historia fixemos un traballo de conceptualización e fabulación do propio contido da historia a contar.

## CONCEPTUALIZACIÓN

Persoas de todas as partes do mundo xúntanse por vez primeira durante 8 días en Ortigueira para gozar da música celta nun ambiente de cordialidade, respecto e natureza.

Ortigueira invita a persoas de todo o mundo que lles gusta a música celta a gozar de 8 días de música e convivencia, convertendo a vila na capital das nacións celtas durante 8 días.

Ortigueira convoca ao resto de nacións celtas a xuntarse 8 días a tocar, comer e convivir xuntos.

Representantes das 8 nacións celtas danse cita en Ortigueira durante 8 días a tocar, comer e convivir xuntos. Ortigueira (Galicia) fai a chamada ao resto de nacións celtas (Asturias, Escocia, Irlanda, Bretaña, Gales, Cornualles e Illa de Man) para que acudan a tocar xuntos.

# 1.5 CARTEL: A UNIÓN DAS 8 NACIÓNS CELTAS EN ORTIGUEIRA

## CONCEPTO

**Centeás, o dragón que descansa baixo as augas**. O deseño é autoría do novo ilustrador ortegano, Martin Cal


festival do internacional de Mundo Celta Ortigueira ®
CONCERTOS DO XACOBEO.CAL
#OMÁISLONGODAHISTORIA
10-17 XULLO 2022
#OITONACIÓNSUNHACULTURA
FESTIVAL DECLARADO DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

## **1.6 SPOT:** A UNIÓN DAS 8 NACIÓNS CELTAS EN ORTIGUEIRA

Esta peza resume o espírito do festival deste ano. A través da música, as 8 nacións celtas acoden desde os seus países de orixe á chamada de Ortigueira, uníndose para tocar no festival.

A peza audiovisual: temos como participantes na peza, entre outros, a Adam Rhodes, guitarrista da Illa de Man; Lauren MacColl, violinista de Escocia; Ronan Pellen, bouzoukista bretón; Seis Riales, grupo de pandeireteiras asturianas e por suposto, a Escola de Gaitas de Ortigueira

Gravada en **Galicia, Asturias, Glasgow, Edimburgo, Cardiff e Cornualles**




## **1.7 MÚSICA:** CREACIÓN TEMA PROPIO DEL FESTIVAL

Como non podía ser doutra forma, se este ano xuntamos a músicos das 8 nacións celtas, loxicamente compoñerase un tema que as una. Por iso este ano o Festival contará cun tema oficial, composto especialmente para esta edición.

# 2. PROGRAMACIÓN DIARIA

## 2.1 PROGRAMACIÓN #OMAISLONGODAHISTORIA



## DOMINGO 10 DE XULLO



10 Xullo

### INAUGURACIÓN

19:00 • Praza Isabel II



### FRANSY, DAVIDE E CIBRÁN

21:00 • Escenario Estrella Galicia



### TANXUGUEIRAS

22:15 • Escenario Estrella Galicia

## LUNS 11 XULLO



11 Xullo

### GAITAS, VIOLÍNS E OUTRAS HERBAS, RETROSPECTIVA 2014 - 2019

10:00 • Salas de exposicións do Concello




### A MEMORIA DO SON, EXPOSICIÓN DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS

10:00 • Salas de exposicións do Concello



### BANDA DE GAITAS DE LADRIDO

18:00



### CUARTETO TRADICIONAL ILLA PANCHA

19:00



### OS DA PORFÍA

21:00 • Escenario Estrella Galicia



### FIANDOLA

22:15 • Escenario Estrella Galicia

## MARTES 12 DE XULLO




12 Xullo

### A MEMORIA DO SON, EXPOSICIÓN DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS
10:00 • Salas de exposicións do Concello



### GAITAS, VIOLÍNS E OUTRAS HERBAS, RETROSPECTIVA 2014 - 2019
10:00 • Salas de exposicións do Concello



### BANDA DE GAITAS DO ORTEGAL
18:00



### CUARTETO TRADICIONAL ILLA PANCHA
19:00



### FOLK ON CREST | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2022
21:00 • Escenario Estrella Galicia



### BATEA | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2022
22:00 • Escenario Estrella Galicia



### JDC | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2022
23:00 • Escenario Estrella Galicia

## MÉRCORES 13 DE XULLO




13 Xullo

### GAITAS, VIOLÍNS E OUTRAS HERBAS, RETROSPECTIVA 2014 - 2019
10 00 • Salas de exposicións do Concello




### A MEMORIA DO SON, EXPOSICIÓN DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS
10 00 • Salas de exposicións do Concello



### BANDA DE GAITAS DO PADROADO DA CULTURA DE NARÓN
18 00



### ASOCIACIÓN CULTURAL TROULA DO ORTEGAL
19 00 • Praza Isabel II



### GERMÁN RUIZ | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2021
21 00 • Escenario Estrella Galicia



### TRIKITRÍ | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2021
22 00 • Escenario Estrella Galicia



### GROOVY CELTIC BAND | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2021
23 00 • Escenario Estrella Galicia

## XOVES 14 DE XULLO




14 Xullo

### A MEMORIA DO SON, EXPOSICIÓN DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS
10:00 • Salas de exposicións do Concello




### GAITAS, VIOLÍNS E OUTRAS HERBAS, RETROSPECTIVA 2014 - 2019
10:00 • Salas de exposicións do Concello



### BANDINA POPULAR LOS GASCONES
12:30



### BANDA DE GAITAS DE GUILLAREI
17:00



### JOHNSTONE PIPE BAND
18:30



### BAGAD DE VANNES MELINERION
20:00



### DEIRA | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2020
22 00 • Escenario Estrella Galicia



### HOLIDAY CLUB | FINALISTA CONCURSO RUNAS 2020
23 00 • Escenario Estrella Galicia



### COVAGUEIRA
00 00 • Escenario Estrella Galicia



### TALISK
01 00 • Escenario Estrella Galicia

## VERNES 15 DE XULLO



15
Xullo

### V OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA DOCUMENTAL DE RÚA
10 00



### A MEMORIA DO SON, EXPOSICIÓN DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS
10 00 • Salas de exposicións do Concello



### GAITAS, VIOLÍNS E OUTRAS HERBAS, RETROSPECTIVA 2014 - 2019
10 00 • Salas de exposicións do Concello



### BANDA DE GAITES EL GUMIAL & GRUPO DE BAILE TRADICIONAL FITORIA
13 30



## OBRADOIRO DE BAILE ASTURIANO
16 00 • IES de Ortigueira



## ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL QUEIROA
17 45



## BAGAD DE VANNES MELINERION
18 15



## CALDO
19:00 • Teatro de Beneficencia



## BANDA DE GAITAS DE GUILLAREI
20:00



## JOHNSTONE PIPE BAND
21:00 • Escenario Estrella Galicia



## CAAMAÑO & AMEIXEIRAS
21:45 • Escenario Estrella Galicia



## ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA
23:00 • Escenario Estrella Galicia



## SUSANA SEIVANE
00:15 • Escenario Estrella Galicia



## RED HOT CHILLI PIPERS
01:30 • Escenario Estrella Galicia

## SÁBADO 16 DE XULLO




16
Xullo

**A MEMORIA DO SON, EXPOSICIÓN DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS**
10:00 • Salas de exposicións do Concello



**GAITAS, VIOLÍNS E OUTRAS HERBAS, RETROSPECTIVA 2014 - 2019**
10:00 • Salas de exposicións do Concello



**V OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA DOCUMENTAL DE RÚA**
10:00



**BANDINA POPULAR LOS GASCONES**
12:30



**GRUPO DE BAILE DE GUILLAREI**
13:30 • Praza Isabel II



**OBRADOIRO DE BAILE BRETÓN**
16:00 • IES de Ortigueira



**ÓSCAR FERNÁNDEZ & MANU FRAGUELA**
17:00 • Teatro de Beneficencia



### OBRADOIRO DE BAILE GALEGO
18:00 • IES de Ortigueira



### ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL QUEIROA
18:15



### FRED MORRISON
19:00 • Igrexa de Santa Marta



### JOHNSTONE PIPE BAND
20:00



### BAGAD DE VANNES MELINERION
21:00 • Escenario Estrella Galicia



### XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORIA
22:00 • Escenario Estrella Galicia



### XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORIA
22:00 • Escenario Estrella Galicia



### DIGRESK
23:15 • Escenario Estrella Galicia



### WOLFSTONE
00:30 • Escenario Estrella Galicia



### BAIUCA
02:00 • Escenario Estrella Galicia

## DOMINGO 17 DE XULLO



17 Xullo

**V OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA DOCUMENTAL DE RÚA**

10 00



**DESFILE DAS NACIÓNS CELTAS**

11 30



**ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS**

18 00 • Cantón



**GRUPO TRADICIONAL MARBADÁS**

20 00



**OS D'ABAIXO**

21 00 • Escenario Estrella Galicia



**LUAR NA LUBRE**

22 15 • Escenario Estrella Galicia



**DEQUENVESSENDO**

23 30 • Escenario Estrella Galicia

## 2.2 EXPOSICIÓNS

Cada ano deséñanse **dúas exposicións** de diferente temática: unha para o claustro do Concello e outra para o Centro de Recepción, no porto.

**Gaitas, violíns e outras herbas**, retrospectiva 2014-2019

**A memoria do son, exposición de instrumentos medievais**

O horario das exposicións é de 10 a 14 h.

## 2.3 OBRADOIROS E CURSOS

Dentro do desenvolvemento das actividades do Festival no mes de xullo, desenvólvense diferentes obradoiros de participación popular, para favorecer a comunicación, a difusión cultural e o coñecemento das diferentes nacións que conflúen na experiencia cultural que é o Festival de Ortigueira. **Os obradoiros planificados para este ano 2022 son.**

**VENRES** (de balde)
**Baile Asturiano**

**SÁBADO** (de balde)
**Baile Bretón**
**Baile Galego**

Curso de Fotografía Documental de rúa
Máis información na web

## 2.4 FESTIVAL NO TEATRO E NA IGREXA

Este ano 2022 as propostas son as seguintes:

**FESTIVAL NA IGREXA DE SANTA MARTA**
**Xoves 14**
Fred Morrison (concerto sorpresa)

**Venres 15**
Fred Morrison

**FESTIVAL NA TEATRO DE BENEFICENCIA**
**Venres 15**
Caldo

**Sábado 16**
Óscar Fernández & Manu Fraguela

## 2.6 FEIRA ARTESANÍA

Funciona durante todos os días do Festival. Artesáns de toda España acoden cada ano a Ortigueira a expoñer e vender os seus produtos artesanais.

**Domingo 10 de xullo ás 17 h ata madrugada do domingo 17 de xullo, na zona da Alameda**

De 12 a 02 h, todos os días.

# PROXECTO RUNAS: FINALISTAS 2020-21-22

**Este concurso internacional no que participan grupos de procedencia nacional e internacional lévase convocando desde o ano 2000. Máis de 100 banda**s de diferente procedencia pasaron xa por este concurso.

**Os galegos Trikitrí, os madrileños JDC e os escoceses Holiday Club, gañadores do concurso Runas 2022.** Cada grupo percibe **3.000 €** e os tres grupos actuarán en **2023.**

A Comisión de selección para os finalistas e gañador do Proxecto Runas 2022, unha vez analizados os grupos finalistas dos anos 2020, 2021 e 2022, a súa música, afinación, son, afinidade co Festival, e o seu directos nas 3 noites nas que se desenvolveu o concurso, determinou que os gañadores que actuarán en 2023 son os galegos Trikitrí, os Madrileños JDC e os irlandeses Holiday Club. As finais de 2020 e 2021 que non se puideron celebrar de forma presencial pola pandemia, formaron parte do programa da edición de 2022.

**Trikitrí,** creouse a principios de 2020 formado por catro músicos de Fene (A Coruña) cunha longa bagaxe en grupos de música tradicional, folk e outros estilos na comarca de Ferrolterra tales como Airiños de Fene, Silvardeira, Eiravedra, Encrucillada, Fiúncho, os Cempés, Pettitswing ou Mr. Dixie.
Ou estilo e repertorio de Trikitrí ven influenciado polo son dá trikitixa (ou acordeón diatónico vasco) ao que se une unha curiosa mestura de instrumentos tales como a gaita electrónica, ou caixón e a guitarra acústica, co que interpretan tanto temas tradicionais vascos e de autor con sabor galego, coma temas tradicionais galegos con sabor vasco, ademais de temas propios moi influenciados polos sons dás dúas culturas.

**JDC,** naceu en Madrid en 1988. Empezou a súa educación musical aos oito anos de idade, sendo instruído en gaita galega polo mestre Xoan Brandón. mentres, en paralelo, aprendía frauta travesera.

Gañador de varios concursos coa gaita galega, a súa paixón é o son moderno e electrónico fai das súas composicións un amálgama de música celta e electrónica moderna na que a GAITA MIDI leva gran parte do protagonismo. En 2001 empezou o seu estudo pola gaita electrónica (GAITA MIDI or Electronic - Bagpipe).

Grazas a Hevia e o seu equipo, creou un modelo de gaita electrónica cuxo prototipo aínda hoxe en día segue en constante evolución. Usando os métodos de Brian Finnegan, Mary Bergin ou Gordon Duncan entre outros, especializouse na música celta do norte de Europa (Escocia,Irlanda etc..) mediante a gaita escocesa, a uilliann pipe ou a súa propia Gaita-Electrónica,ademais do low e tim whistles.

Jesús, toca a gaita Electrónica Midi, frauta travesera, frauta irlandesa, gaita galega, gaita irlandesa gaita escocesa, low and tim whistle, ademais da programación e produción musical.

**Holiday Club,** foi formado por Luisa Brown e Freya Rae en 2018 en Edimburgo cun claro obxectivo, estar de vacacións o máximo tempo posible. Leste demostrou ser un excelente

modelo de negocio e non tardaron en aterrar como cuarteto en Holanda, Portugal, Galicia, Chipre, Francia ou Alemaña. Cada integrante é un músico de xira internacional por dereito propio, membros de bandas galardoadas e aclamadas pola crítica como Dallahan, Blue Giant Orkestar, Birlinn Jiarg ou Brúa.

A súa música nace entre "sessions" e "foliadas" e reflicte as raíces das súas tradicións escocesa, irlandesa e galega, incluíndo no seu repertorio unha gran parte de composicións propias. Interpretan unha música folk diferente, fresca e animada conseguindo que o público baile de principio a fin nos seus concertos.

O factor determinante en ambos os casos foi a súa conexión co público, ritmo e afinación, nun emotivo e divertido concerto que fixo bailar ás miles de persoas que se atopaban xa desde as 22h no escenario Estrela Galicia.

**O xurado 2022 estivo formado por:**

**- Bruno Lozano,** licenciado en música tradicional pola Universidade de Vigo, músico e gaiteiro e presidente da Escola de Gaitas de Ortigueira.

**- Elisardo da Cruz,** bailador do Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, actor e director creativo de Empatía Comunicación.

**- Segundo Grandío,** músico e produtor musical.

**- Alberto Balboa**, coordinador e director do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.
Os tres grupos actuaron no escenario Estrela Galicia do Festival o martes 12, mércores 13 e xoves 14. O xurado estivo presente nos concertos para emitir o seu voto. O fallo do xurado deuse a coñecer hoxe publicamente, nos medios de comunicación e directamente aos grupos, ademais da páxina web e redes sociais.

**+ INFO, TEMAS E DOSSIER SOBRE TRIKITRÍ**
https://festivaldeortigueira.com/grupo/trikitri/

**+ INFO TEMAS E DOSSIER SOBRE JDC**
https://festivaldeortigueira.com/grupo/jdc/

**+ INFO TEMAS E DOSSIER SOBRE HOLIDAY CLUB**
https://festivaldeortigueira.com/grupo/holiday-club/

# RELACIÓN DE BANDAS 2022

## DOMINGO 10 XULLO

### FRANSY, DAVIDE E CIBRÁN



Fransy, Davide e Cibrán é un grupo de música tradicional galega que une a tradición á vangarda musical. Fransy González (percusión e voz), Davide Salvado (percusión e voz) e Cibrán Seixo (violín procesado e Moog) son tres músicos de ampla traxectoria no panorama musical galego e internacional. Da unión destas tres carreiras artísticas individuais xorde esta nova proposta musical e escénica baseada nun repertorio musical de raíz; mantendo un pé na terra e no celme das informantes, e outro no presente. Fransy e Davide son transmisores da música

tradicional galega, e, xunto á sonoridade contemporánea de Cibrán Seixo, aportan unha nova atmosfera á música tradicional, un espazo para melodías intensas e a escoita profunda.

https://www.youtube.com/channel/UCnUigE6p2Yg6PoLUkWoJbbA
https://www.facebook.com/fransydavidecibran
https://www.instagram.com/fransydavidecibran/

## TANXUGUEIRAS



Con máis de 50 concertos no 2018 e unha importante xira tanto polo país como polo estranxeiro, visitando Glasgow, a India, Cuba e Suíza, convértese nun referente e no grupo revelación da música tradicional galega. A banda que as acompaña, está formada por músicos de gran traxectoria como Isaac Palacín na percusión (Berrogüetto, Guadi Galego...), José Manuel Díaz Iglesias ao baixo eléctrico e contrabaixo (Uxía, Sindicato da noite...), Cibrán Seixo ao violín (Budiño, Andrés Penabad, Davide Salvado...) e Rubén Fernández ao acordeón (Alvariza).

2022 é o ano do seu boom. Despois da actuación no Benidorm Fest, onde se buscaba o artista ou grupo que representase a España en Eurovisión, naceu o fenómeno Tanxugueiras, sendo as máis votadas polo público.

https://tanxugueiras.com/es/inicio-web-oficial-es/
https://www.youtube.com/channel/UC-g2p-xkGLXjlOy8FQ5W4Lw
https://www.facebook.com/Tanxugueiras
https://twitter.com/tanxugueiras?lang=es
https://www.instagram.com/tanxugueiras/

# LUNS 11 XULLO

## BANDA DE GAITAS DE LADRIDO



Pasacalles: Av. Escola de Gaitas “Gadis”- As Pontes – Alameda

# CUARTETO TRADICIONAL ILLA PANCHA



Pasacalles: Av. Penela – Av. Cuba – Cantón – Alameda

## OS DA PORFÍA




O grupo nace no ano 2016, afincado en Compostela. Bebe directamente da música tradicional.

No seu repertorio, Muiñeiras, Jotas, Maneos… Ritmos de raíz con toques actuais e alegría, moita alegría, pasean por escenarios nacionais e internacionais: O Fin do Camiño (Fisterra), Tratfest (Compostela), Intercéltico (Ortigueira), Braojos de la Sierra (Madrid), Intercéltico de Lorient (Francia) entre outros.

Está formado por 10 compoñentes:

Marina Vidal: Clarinete e violín - Manuel Pardo: Saxo e Gaita - Miguel do Pazo: Acordeón e Gaita - Marcos Botana: Voz e percusións - Mario Sousa: Voz, percusións, Gaita e Saxo - José Codesido: Voz e Percusións - Fernando Saavedra: Voz e Percusións - Fabián Galbán: Voz e Percusións - Manuel Pereira: Voz e Percusións- Alberto Santos: voz e Percusións

https://www.youtube.com/channel/UCi_EbiUTSeqSzTUpykraDYQ
https://www.facebook.com/osdaporfia
https://www.instagram.com/osdaporfia/

# FIANDOLA



Fiandola é un grupo de música galega de base tradicional. O traballo deste grupo nace da transformación e interiorización da música de raíz de Galicia que se plasma nun modo particular de interpretar esta música e de compoñer novas melodías. Fiandola presenta un repertorio orientado ao baile e ao directo e que se nutre do traballo de campo desenvolvido polos membros do grupo, polos cancioneiros e arquivos dispoñibles e polo traballos de composición e arranxos que eles mesmos elaboran ou por melodías doutros compositores galegos.

https://www.youtube.com/user/FIANDOLAFOLC
https://www.facebook.com/Fiandola/
https://twitter.com/fiandolafolc
https://www.instagram.com/fiandolafolc/

# MARTES 12 XULLO

## BANDA DE GAITAS DO ORTEGAL




Pasacalles: Biblioteca – D. Xosé Buide – Eugenio López – Salgueiro – Cantón – Plaza Isabel II

## CUARTETO TRADICIONAL ILLA PANCHA



Pasacalles: Av. Escola de Gaitas "Gadis"- As Pontes – Alameda

## FOLK ON CREST – Finalista Runas 2022



O grupo salmantino Folk On Crest, gañadores da votación popular, fusionan a súa creatividade para crear un estilo propio, coa mestura de temas tradicionais e de composición propia co obxectivo de exportar a música "charra" e da meseta castelá-leonesa.

http://folkoncrest.net/lonxe/

https://www.youtube.com/c/FolkOnCrest

https://www.facebook.com/folkoncrest
https://twitter.com/folkoncrest
https://www.instagram.com/folkoncrest/

## BATEA – Finalista Runas 2022



O grupo vigués, que nace en 2020, é un proxecto netamente instrumental, cheo de intensidade e orixinalidade, no que a sonoridade da música celta irmándase coa do rock. Os seus seis integrantes, músicos con traxectorias e formacións diversas, aportan cada un a súa visión ao proxecto para confluíren nunha proposta musical única.

https://www.bateamusic.com/
https://www.youtube.com/channel/UC71EBbDNle9qZ_DM1NpHQNg
https://www.facebook.com/bateamusic
https://www.instagram.com/bateamusic/

## JDC – Finalista Runas 2022



JDC, grupo liderado polo artista madrileño Jesús del Castillo. Desde pequeno estudou gaita galega e gaita electrónica, ademais doutros instrumentos como a uilleann pipe ou los tim whistles, os cales lle axudaron na súa especialización na música celta do norte de Europa. A súa música é unha fusión de todos estes elementos, combinando á perfección a cultura e a tradición coa electrónica.

https://www.youtube.com/user/jesusgaitero
https://www.facebook.com/JDC.jesusdelcastill
https://www.instagram.com/jesusdelcastillojdc/

## BANDA DE GAITAS PADROADO DE MARÓN



Pasacalles: R/Magdalena – Av. Cuba – Cantón – Alameda

## ASOC. CULTURAL TROULA DO ORTEGAL



Actuación na Praza Isabel II

## GERMÁN RUÍZ – Finalista Runas 2021



En 2006 Germán Ruiz aprendeu a escoitar e decidiu dedicar a súa vida á música. Desde entón non parou de aprender, de tocar e de ensinar. Foi formado por algúns dos mellores gaiteiros de Galicia, como por exemplo Anxo Lorenzo, paralelamente á súa formación en Galicia realizou no conservatorio de Valladolid o grao profesional en frauta de pico. Durante 10 anos foi director da banda de gaitas Nivaria e da banda de gaitas de Salamanca.

En 2020 creou a Escola Internacional de gaita, que se converteu na escola de gaitas máis grande do mundo ao tratarse dunha escola 100% en liña da que forman parte máis de 250 alumnos de 19 países diferentes.

En 2021 publicou o seu primeiro traballo discográfico en solitario denominado “Presente” o cal presentará no Festival de Ortigueira xunto a Jesús Enrique Cadrado (guitarra acústica), Yonder Rodríguez (percusións) e Pablo Cano (técnico en espectáculo acústico, guitarra eléctrica, lap-steel e programacións en espectáculo completo).

https://germanruiz.es/
https://www.facebook.com/germanruizmusica
https://www.youtube.com/channel/UCDsRkjAMjmoJdJHO3nTziKA

## TRIKITRÍ – Finalista Runas 2021




O grupo nace a principios de 2020 formado por catro músicos de Fene (A Coruña) cunha longa bagaxe en grupos de música tradicional, folk e outros estilos na comarca de Ferrolterra tales como Airiños de Fene, Silvardeira, Eiravedra, Encrucillada, Fiúncho, Os Cempés, Pettitswing ou Mr. Dixie.

O estilo e repertorio de Trikitrí ven influenciado polo son da trikitixa (o acordeón diatónico vasco) ao que se une unha curiosa mestura de instrumentos tales como a gaita electrónica, o caixón e a guitarra acústica, co que interpretan tanto temas tradicionais vascos e de autor con sabor galego, coma temas tradicionais galegos con sabor vasco, ademais de temas propios moi influenciados polos sons das dúas

https://www.youtube.com/channel/UCROM2Q6GevCE2jFnyjK2sNQ
https://www.facebook.com/trikitrifolk

## GROOVY CELTIC BAND – Finalista Runas 2021



Groovy Celtic Band é unha banda de seis experimentados músicos estremeños que comparten a súa paixón pola música irlandesa e a música tradicional do arco atlántico. Levan tocando xuntos máis de vinte anos en formato "session" en diversos e icónicos lugares e recunchos da Cidade Monumental de Cáceres. Froito de miles e miles de "sessions" e do gran entusiasmo que espertan no seu numeroso público foi que naceu esta peculiar banda estremeña hai case 10 anos.

https://www.facebook.com/groovycelticband

# XOVES 14 XULLO

## BANDINA POPULAR LOS GASCONES




Pasacalles: Av. Penela – Av. Cuba- Cantón – Alameda

## STOLENNOTES




Pasacalles: Biblioteca – R/ Xosé Buide – Av. Escola de Gaitas – Carmen – Cantón – Alameda

## STOLENNOTES



Pasacalles: Av. Escola de Gaitas “Gadis”- As Pontes – Alameda

## STOLENNOTES



Pasacalles: Perla – Penela – Eugenio López – Cantón

STOLENNOTES

## FAÍSCAS DA PONTRAGA



Faíscas da Pontraga fundouse en xullo do ano 2002, tras a xuntanza de catro amigos para participaren nun concurso de cuartetos tradicionais. Esta primeira reunión deveu noutras e permitiu a incorporación de novos integrantes e instrumentos até constituírmonos na murga tradicional que hoxe son.

Ademais da presentación oficial ante a súa xente, teñen realizado varias presentacións e concertos pola península (Euskadi, Burgos, Bierzo, Salamanca, Valladolid…), por Europa (Italia, Portugal, Suíza…) e en abril do 2017 cruzaron o Atlántico para facer unha xira polo Río da Prata, con varios concertos por Arxentina (Bos Aires e Mar del Plata) e Uruguai (Maldonado e Montevideo).

En decembro de 2015 gravaron o noso primeiro traballo discográfico chamado "VELAÍ VÉN!", que saíu á luz en abril de 2016 e que presentaron oficialmente o 25 de xuño do mesmo ano. Este disco gravouse co pretexto de seguir divulgando a cultura tradicional e sobre todo deixar constancia do seu traballo nun soporte que asegure a súa supervivencia co paso do tempo.

Aínda que son un grupo que fai música de corte tradicional, con gusto pola investigación e recuperación de temas populares recollidos a través da trasmisión oral, que despois expoñen en concerto cunha presencia principalmente instrumental e vocal, aderezan os seus directos cunha pequena mostra de baile tradicional. Son xa máis de 600 concertos nos seus 16 años de camiño, recuperando e mantendo sons e melodías que nos transportan no tempo, que non no espazo, pois a súa raíz é inconfundible.

https://www.youtube.com/channel/UCNbb1sKzCUEvbqLBY91cqAg
https://www.facebook.com/osfaiscasdapontraga/
https://www.instagram.com/faiscasdapontraga/

## STOLENNOTES



Deira son Gonzalo, Salva e Juan, que levan tan só un ano compartindo escenario, únense como trío por primeira vez nada menos que no Festival Interceltique de Lorient, onde reciben a proposta de actuar cada noite como músicos residentes na carpa de Asturias, facendo un repertorio de versións e músicas tradicionais do arco atlántico. Alí tamén foron finalistas do concurso de grupos de Loïc Raison. Desde entón, comezou a tomar forma este proxecto ao que bautizaron co nome de "Deira".

De orixe bretona, Deira era un antigo reino situado en Inglaterra, no actual York. O termo provería posiblemente da palabra "Deifr", que significa "aguas", o de "Daru", que significa "carballo". A experiencia de cada un dos seus músicos procede de grupos cunha clara tendencia folk pero con estilos totalmente diferentes, Stolen Notes, Young Forest, Vrienden. A fusión destes estilos xunto coa formación clásica dos tres, dan como resultado un son único onde predomina un sentimento mutuo: a paixón

https://www.youtube.com/channel/UC9QCT5xBYnWz3vvDLjw7UMQ
https://www.facebook.com/deiraband/
https://www.instagram.com/deiraband/

STOLENNOTES



Holiday Club foi formado por Luisa Brown e Freya Rae no 2018 en Edimburgo cun claro obxectivo, estar de vacacións o máximo tempo posible. Este demostrou ser un excelente modelo de negocio e no tardaron en aterrar como cuarteto en Holanda, Portugal, Galicia, Chipre, Francia ou Alemaña. Cada integrante é un músico de xira internacional por dereito propio, membros de bandas galardonadas e aclamadas pola crítica como Dallahan, Blue Giant Orkestar, Birlinn Jiarg ou Brúa.

A súa música nace das "sessions" e foliadas e reflexa as raíces da súa propia tradición escocesa, irlandesa e galega, incluindo no seu repertorio unha gran parte de composicións propias. Interpretan unha música folk diferente, fresca e animada conseguindo que o público baile de principio a fin nos seus concertos.

https://www.youtube.com/channel/UCdYDzkp6GwMqSQNVmNRtr1A
https://www.facebook.com/holidayclubmusic/
https://www.instagram.com/holidayclubmusic/



Covagueira é un grupo folk galego que xurde no 2015, no seno da Escola de Gaitas de Ortigueira, tras máis de media vida tocando xuntos por toda a xeografía nacional e parte do estranxeiro.

O grupo foi evolucionando en diferentes formatos, pero sempre mantendo a esencia que o caracteriza dende os seus inicios: a paixón pola música folk.

Non se pode falar dunha traxectoria moi ampla, posto que a formación actual non comeza a sú andadura ata o ano 2019. Neste ano incorpóranse novos instrumentos, xurdindo diferentes ritmos e melodías, nacendo así o son característico de Covagueira.

Dende entón, Covagueira presenta unha intensa posta en escea que non deixa indiferente a ninguén. Cando se apagan as luces e as melodías adquiren todo o protagonismo, o público responde deixándose levar pola música.

Actualmente Covagueira está a traballar no que será o seu primeiro álbum discográfico.

https://www.youtube.com/channel/UCPBh-9RHWFpdFK2jZmFJ2MQ
https://www.facebook.com/covagueira

https://www.instagram.com/covagueira.folk/

## STOLENNOTES



Talisk, un dos grupos de folk máis populares de Escocia, que xurde na última década, percorrerron o mundo acumulando importantes premios polo seu son explosivamente enérxico pero inxeniosamente texido.

Acumularon moitos premios incluido Folk Band of the Year na BBC Alba Scots Trad Music. Awards, un premio BBC Radio 2 Folk Award e a beca Belhaven para a innovación. Mohsen Amini (Músico do ano 2018 dos BBC Radio 2 Folk Awards), Benedict Morris e Graeme Armstrong fusionan concertina, violín e guitarra para produciren un son característico innovador, de varias capas e cautivador ao instante que conmoveron ao público de todo o mundo.

Aparicións nos principais festivais, incluido o peche do escenario principal do sábado pola noite no Cambridge Folk Festival 2019, o Tønder Festival de Dinamarca, o Rainforest World Music Festival no Borneo de Malasia, WOMADs UK, Chile , o Edmonton Folk Festival, o Milwaukee Irish

Festival, tres anos consecutivos no Festival Folclórico de Filadelfia e cinco presentacións sucesivas no Celtic Connections de Glasgow- acumularon un seguimento acérrimo, mentres que os medios de música folk e mundial tamén eloxiaron ao trío que dobra o xénero.

https://www.taliskmusic.com/
https://www.youtube.com/taliskmusic
https://www.facebook.com/TaliskMusic/
https://twitter.com/taliskmusic
https://www.instagram.com/TaliskMusic/

## VENRES 15 XULLO

## BANDA GAITES EL GUMIAL & GRUPO BAILE FITORIA



Pasacalles: Biblioteca – D. Xosé Buide – Eugenio López – Salgueiro – Cantón – Praza Isabel II

# ASOC. MÚSICA E BAILE TRADICIONAL QUEIROA




Pasacalles: Biblioteca – R/ Xosé Buide – Av. Escola de Gaitas – Carmen – Cantón – Alameda

## STOLENNOTES



Pasacalles: Av. Escola de Gaitas “Gadis” – As Pontes – Alameda

# BANDA DE GAITAS DE GUILLAREI



Pasacalles: Perla – Eugenio López – Cantón

## CALDO



María Jorge (violín), Anaïs Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita) forman Caldo, un trío afincado no Valmiñor que achega a música tradicional a contextos sonoros contemporáneos a través da experimentación cos propios instrumentos. Presentan unha proposta na que integran melodías tradicionais galegas e composicións propias con influencias das músicas europeas e atlánticas, unha fusión natural que vai directa ao sentir do público.

Para o seu primeiro disco, gravado en directo, tomaron como fío condutor o repertorio da aldea de Moscoso (Pazos de Borbén, Pontevedra), facendo una revisión do material recollido por Xisco Feijóo ás informantes Rosa e Aída Garrido.

Caldo preparan agora o seu novo traballo discográfico, no que afianzan a súa sonoridade engadindo novas texturas e atmósferas, sen abandonar o son orgánico dos instrumentos que empregan. O álbum, producido por Alberto Cernadas (crnds), estará formado por melodías instrumentais de composición propia e por pezas con voz aprendidas do repertorio da tradición oral galega.

Nesta nova etapa, escriben e reinterpretan as letras, escolléndoas coidadosamente para adaptalas ás novas realidades.

https://www.youtube.com/channel/UCL371LwpFEQDYBKUG2qVqjw

https://www.facebook.com/caldo.gal/about/

https://www.instagram.com/caldo.gz/

# SÁBADO 16 XULLO

## BANDINA POPULAR LOS GASCONES



Pasacalles: Av. Penela – Av. Cuba- Cantón – Alameda

## GRUPO DE BAILE DE GUILLAREI



Pasacalles: Biblioteca – R/ Xosé Buide – Av. Escola de Gaitas – Carmen – Cantón – Alameda

## BANDA GAITES EL GUMIAL & GRUPO BAILE FITORIA



Pasacalles: Biblioteca – R/ Xosé Buide – Av. Escola de Gaitas – Carmen – Cantón

## ASOC. MÚSICA E BAILE TRADICIONAL QUEIROA



Pasacalles: Av. Escola de Gaitas "Gadis" – As Pontes – Alameda

## STOLENNOTES

STONE PIPE BAND



Pasacalles: Perla – Penela – Eugenio López – Cantón

## ÓSCAR FERNÁNDEZ & MANU FRAGUELA



Manu e Óscar coñécense na escola de Zanfonas do Padroado de Cultura de Narón, como alumna e mestre, no curso 20217-18. Ao pouco tempo comenzan a preparar un repertorio para dúo de zanfonas con 2 zanfonas xemelgas construidas para o proxecto polo luthier galego Jaime rebollo. En 2020 graban un C.D.: "Xemelgas", de distribución limitada e gratuita con 9 temas.
Actualmente expoñen en concerto unha escolla de temas arranxados para dúas zanfonas. Música instrumental adaptada e novas composicións para zanfona inspiradas nas tradicións Galegas,Castellanas, Macedonias, Búlgaras, etc. 2 Zanfonas tocadas con inténsidade e enerxía, máis tamén con sensibilidade e delicadeza.

## FRED MORRISON



Gañador en sete edicións do Trofeo Macallan no Festival de Lorient e medalla de ouro en Oban e Inverness no esixente circuíto de composición de gaita escocesa, Morrison está considerado o mellor gaiteiro do mundo. Desenvólvese con mestría e inspiración, tanto coas gaitas escocesas (higland e border) como coas irlandesas ou coa frauta. O seu singular talento foi aclamado en todo o mundo, testemuñando en cada unha das suas actuacións o seu profundo espírito musical e os anos de dedicación.

A evocativa interpretación que realiza das melodías gaélicas está xustificada pola tradición gaiteira das illas Hébridas de Escocia, lugar no que se iniciou musicalmente da man do seu pai, instrumentista e xuíz das competicións de gaiteiros do seu país. Logo de anos como solista, uniuse a grupos como Clan Alba e Capercaillie e foi fundador do grupo gaélico Ceolas.

Desprega enerxía e un estilo altamente improvisado, no que combina a tradición da gaita gaélica coas influencias contemporáneas e eclécticas. De feito, da súa música escribiuse que é "o máis próximo ao jazz que se pode escoitar nunha gaita escocesa".

https://fredmorrison.com/

https://www.youtube.com/c/FredMorrisonPipes

https://www.facebook.com/fredmorrisonmusic

https://twitter.com/fredmorrison

https://www.instagram.com/fredmorrisonpiper/

STOLENNOTES



Pasacalles: Av. Escola de Gaitas "Gadis" – As Pontes – Alameda

## XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORIA



O combo galego que dirixe o prestixioso multiinstrumentista Xosé Lois Romero leva demostrándoo en escenarios desde hai máis de tres anos; sobre todo a partires da publicación dun homónimo debut que servía como revulsivo catalizador para trasladar unha maneira absolutamente salvaxe e tribal de acometer a música tradicional galega: a través de únicamente un coro de voces femininas; e percusións, moitas de elas creadas por eles mesmos, nun exercicio inédito de recodificación dos elementos para facer música.
Agora, Xosé Lois Romero & Aliboria, tras un debut que posicionou ao proxecto como un dos máximos renovadores da música tradicional ibérica (e que, incluso, parte do seu repertorio foi reconstruido polo produtor Baiuca no seu anterior EP, "Misturas"), regresan con "Latexo" (RasoEstudio, 2020), un segundo álbum longo no que manteñen o pulso polo tribal e o ritual á vez que resignifican os códigos da música tradicional galega. Tan preto dos sons de transmisión oral do folclore galego dos últimos dous séculos; como dos sons da África máis tribal e indixenista; o romanticismo harmónico e coral da música sacra; ou incluso esa sensación de poderío que impón a 'haka' dos All Blacks de Nueva Zelanda.

http://www.xoseloisromero.com/aliboria
https://www.youtube.com/channel/UCHnP-eucMhJZMxZ4E8EF7vw
https://www.facebook.com/xoseloisromeroealiboria
https://www.instagram.com/xoseloisromeroealiboria/

## DIGRESK



Todos os estilos, todas as tendencias. Os temas tradicionais ás veces atópanse co electro, ás veces con riffs de rock e cunha enerxía contaxiosa. As letras comprometidas baséanse en diferentes movementos de demanda que Digresk defendeu desde o principio. É festivo, emocionante e humanista. Atrevámonos a dicir hoxe que é principalmente en vivo que esta xente de Rennes sempre foi capaz de dar todo o seu potencial.
Con máis mordida e ganas, o espírito comunicativo atópase nunha identidade propia para eles: "Trad Electro Rock". Digresk é tamén e sobre todo música de baile da Alta e da Baixa Bretaña, déixate tentar, viaxa sen prexuízos e únete á danza ou ao "Circle pit"! DESFRUTA!

https://digresk.fr/

https://www.youtube.com/c/DigreskFr

https://www.facebook.com/digresk/

https://twitter.com/Digresk

https://www.instagram.com/digresk/



Máis de dúas décadas de traxectoria permiten presentar a Wolfstone como paradigma do entendemento entre o folk tradicional e o rock máis duro. Isto tradúcese en directos enérxicos, nos que non faltan as palmas e os saltos do público, aínda a pesar de que o grupo que asinaba o disco Not Enough Shouting (balbordo insuficiente) temperouse.

A banda que lideran o violinista de Inverness Duncan Chisholm e Stuart Eaglesham (guitarra acústica, voz) volverá pisar as táboas de Ortigueira, tras seis anos de ausencia. Farao cunha formación renovada e cun produto evolucionado, que se sustancia no seu décimo traballo discográfico, "Terra asina", no que gañan peso os temas cantados.

A batería de Alyn Cosker domina a impoñente base rítmica deste sexteto de virtuosos que completan Stevie Saint (gaitas escocesas e frautas), Colin Cunningham (baixo) e Davie Dunsmuir (guitarra eléctrica), ademais das pezas fundamentais da banda, o dúo fundador. A presenza da banda no cartel é, desde aquel 2003 en que trunfaron con Almost an island, unha demanda continua dos folkies. Festa por todo o alto.

https://wolfstone.co.uk/
https://www.youtube.com/channel/UC-Bg1UPhxXCr45WIwABIWoA
https://m.facebook.com/profile.php?id=107820889240674
https://twitter.com/wolfstoneband
https://www.instagram.com/wolfstoneband/

BAIUCA



É o proxecto revelación de folktrónica non só en España, senón no mundo. A súa mestura de ritmos tradicionaiss galegos e electrónica contemporánea, facendo unha sorte de found footage no que resignifica os códigos da música tradicional galega a través dunha mirada absolutamente actual pero tamén futurista, levouno a dar case 90 conciertos en pouco máis dun ano.
Pasou por gran parte dos festivais españois máis importantes, por países como Marruecos, o Reino Unido, Italia ou Portugal; e esgotando localidades en espazos icónicos como o madrileño Teatro Lara, e enfrontándose ante algúns dos aforos máis importantes do circuito de música en directo en España.
En directo, leva un formato moi singular. O propio artista utiliza diferentes máquinas (secuenciador, sintetizador, etc.) e mestúraas con instrumentos tradicionais galegos (diferentes frautas, cunchas, ocarinas…). Ademais, vai acompañado en directo dun dos videoartistas novos máis prestixiosos de Galicia: Adrián Canoura, que proxecta en multipantalla e incluso utiliza sintetizadores de imaxe e cámaras coas que grava en directo e intervén a proxección. En España, ademais, ten tamén un 'formato banda', no que ademais do antes mencionado, súmanselle o prestixioso percusionista galego Xosé Lois Romero e as irmás pandereteiras/cantareiras Andrea e Alejandra Montero, que o acompañan cantando e bailando en directo.
https://www.youtube.com/channel/UCmaEuLsaBcbgAtwxniFhHmw
https://www.facebook.com/baiucamusic
https://twitter.com/baiucamusic
https://www.instagram.com/baiucamusic/

# DOMINGO 17 DE XULLO

## DESFILE DE BANDAS DAS NACIÓNS CELTAS

## ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA



## GRUPO TRADICIONAL MARBADÁS



## BANDA GAITES EL GUMIAL & GRUPO BAILE FITORIA



BANDA DE GAITAS PADROADO DE NARÓN



BANDA DE GAITAS DE LADRIDO



## STOLENNOTES



## BANDA DE GAITAS DE GUILLAREI




## BANDA DE GAITAS DO ORTEGAL




## ASOC. MÚSICA E BAILE TRADICIONAL QUEIROA



## JOHSTONE PIPE BAND



## ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS



# GRUPO TRADICIONAL MARBADÁS



## ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

# OS D´ABAIXO



Os d'Abaixo apareceron no ano 2010 co obxectivo de promover e animar bailes e festas tradicionais na contorna de Compostela. O seu repertorio recolle algunhas das pezas populares máis coñecidas da música galega xunto con novas achegas de fontes tradicionais ou de nova composición. O grupo está integrado por músicos que estiveron toda a vida vinculados ao folclore de Galiza, como por outro provintes de bandas folk de amplia traxectoria como son Berrogüetto ou Fía na Roca.

Nos seus directos ofrecen unha selección de música cargada de forza e enerxía, que entronca cun profundo respeto aos patróns da música tradicional co fin de incitar ao baile máis ancestral, que é unha peza fundamental na tradición musical de Galiza. Pero iso si, sempre buscando un son actual e en constante evolución.

Na primavera de 2014 edítase o primeiro disco do grupo "Ao vivo en Lorient", que recolle 16 pezas gravadas nos concertos feitos en 2013 neste festival bretón. Tres anos despóis, na primavera de 2017, sae á luz o seu segundo disco "Quixera ser dos paxaros", o primeiro gravado en estudio e no que se recollen unha maioría de temas inéditos para o folc galego, resultado dun gran traballo de investigación por parte de Xosé Ramón Vázquez, daquela acordeonista do grupo.

http://www.osdabaixo.com/

https://www.youtube.com/channel/UCeQyDZfOUlHSeoaYf6fqGJQ

https://www.facebook.com/osdabaixo

https://www.instagram.com/osdabaixo/

## LUAR NA LUBRE



O emblemático grupo galego Luar Na Lubre presenta o seu traballo 'Vieiras e vieiros, historias de peregrinos', un álbum con historias e lendas dos peregríns que percorreron os diferentes camiños que levaban a Santiago, así como as súas derivacións hacia Fisterra e Muxía, nos confíns da terra.
O grupo máis internacional do folk en Galicia pon banda sonora ao Camiño de Santiago, a través dos temas que conforman este traballo, que combina creacións propias, con sonoridades dos sendeiros e lugares do itinerario xacobeo, coma o son dun temporal, os ríos, o vento, as aves rapaces, as campás en Cebreiros ou unha misa en Muxía.
Luar Na Lubre vendeu máis de 350.000 exemplares, recibiu dous Discos de Ouro, 9 Premios da Música e outros recoñecementos, dentro e fóra de Galicia. Nos seus máis de 35 anos de traxectoria, o grupo ofreceu máis de 1.500 concertos en máis de 35 países, onde participaron en festivais destacados na música folk, nos que actuaron xunto a artistas internacionais, como Mike Oldfield, The Waterboys, o lendario grupo The Corrs ou Bob Geldof, e conta coas colaboracións de Pablo Milanés e Lila Downs, e españois como Víctor Manuel, Miguel Ríos, Luz Casal, Kepa Junkera, Pedro Guerra, Ismael Serrano e Diana Navarro, entre outros.
Luar Na Lubre, que significa o *'resplandor da lúa no lugar sagrado dos celtas'*, foi fundado na cidade da Coruña coa vocación de desenvolver e dar a coñecer a música e a cultura galegas. Cun repertorio baseado fundamentalmente en músicas de raíces galegas, é actualmente a banda máis internacional de Galicia, que actuou ante o público de máis de 35 países do mundo.

https://luarnalubre.com/

https://www.youtube.com/c/luarnalubregaliza

https://www.facebook.com/Luar.Na.Lubre.Oficial/

https://twitter.com/luar_na_lubre

https://www.instagram.com/luarnalubre.oficial/

## DEQUENVESSENDO



A banda coruñesa Dequenvessendo, o grupo revelación folk de Galicia, presentará no Festival de Ortigueira 2022 o seu traballo discográfico 'Canto das Xacias', baseado na lenda da Xacia de Chouzán recuperada por Ramón de Castro (párroco de Vilar de Otelle) en 1927, que narra a historia de Sabel, filla dun matrimonio entre unha xacia, un ser mitolόgico galego, metade peixe metade humano que habitaban nos ríos, cun mozo dunha das aldeas próximas ao Miño. Dequenvessendo foi unha das bandas finalistas no Festival de Ortigueira de 2019, dentro do proxecto Runas.

Con raíces dentro do folk celta atlántico, o grupo intégrano Bieito Romero Diéguez (gaita e frauta travesera), Pablo Rosales ( whistle, zanfoña e gaitas), Miguel Ocampo ( bodhran, tamboril e percusións) e Miguel Rosales (acordeón diatónico e teclado).

As sonoridades celtas e atlánticas conflúen sutilmente neste álbum, cunha presenza literaria que serven de inspiración ás letras das súas cancións, como 'Lamento de Sabel', baseada en poemas do poeta pontevedrés, xa falecido, Luís Marquieira; a poesía de Carles Riva, autor catalán que escribiu en galego do que recolleron a cantiga 'Sabel'; de Enrique Labarta Pose ('Fonte do Demo') ou o poema ' Xacia Valsira', de Adela Figueiroa. Tamén seleccionaron coplas da tradición oral galega, como 'O barqueiro', de Manuel Rico e Antón Santamarina, e a canción ' Birnarem', que contén un fragmento dun romance popular que foi recollido por Antonio Fraguas e reconstruído por Ramón Cabanillas.

https://www.youtube.com/channel/UCYLqVZ4lHHQFCQ4lWk5mbWg
https://www.facebook.com/Dequenvessendo/
https://www.instagram.com/dequenvessendo/


Martín Cal Mouriño
@martincalart
CONCERTOS DO XACOBEO.CAL
#OMÁISLONGODAHISTORIA
10-17 XULLO 2022
#OITONACIÓNSUNHACULTURA
FESTIVAL DECLARADO DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL
festival internacional do Mundo Celta de Ortigueira
BAIUCA / BATEA / CAAMAÑO & AMEIXEIRAS / CALDO / COVAGUEIRA / DEIRA
DEQUENVESSENDO / DIGRESK / ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA
FAÍSCAS DA PONTRAGA / FIANDOLA / FOLK ON CREST / FRANSY, DAVIDE E CIBRÁN
FRED MORRISON / GERMÁN RUIZ / GROOVY CELTIC BAND / HOLIDAY CLUB / JDC
LUAR NA LUBRE / OS D´ABAIXO / OS DA PORFÍA / ÓSCAR FERNÁNDEZ & MANU FRAGUELA
RED HOT CHILLI PIPERS / SUSANA SEIVANE / TALISK / TANXUGUEIRAS
TRIKITRÍ / WOLFSTONE / XOSÉ LOIS ROMERO E ALIBORIA
A.C. BUXAINAS / A.C. TROULA DE ORTEGAL / A.M.D.T. QUEIROA / B.G. DE GUILLAREI
B.G. DE LADRIDO / B.G. DO ORTEGAL / B.G. DO PADROADO DA CULTURA DE NARÓN
B.G. EL GUMIAL / BAGAD DE VANNES MELINERION / BANDINA POPULAR LOS GASCONES
CUARTETO TRADICIONAL ILLA PANCHA / GRUPO DE BAILE TRADICIONAL FITORIA
GRUPO TRADICIONAL MARBADÁS / JOHNSTONE PIPE BAND
Concello de Ortigueira
Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE
ORTIGUEIRA son mil cousas
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21·22
Deputación DA CORUÑA
inaem
galicia
ABANCA
GADIS
Estrella Galicia

# RECOMENDACIÓNS E INFO PRÁCTICA

## ZONA DE LECER E DESCANSO

Na zona de Morouzos atópase a zona de descanso do Festival. Está dotada de duchas e aseos e dispón de zona de restauración. Dispón de transporte urbano desde o casco urbano.

## APARCADOIROS DE BALDE VIXIADOS

Situados na entrada do casco urbano na zona de Barbos, dirección Espasante, dispoñen de vixilancia durante 24 h.  Do domingo 10 de xullo ás 20 h ata o luns 18.

Ten dispoñible o **servizo de buses urbanos**, que achegan aos usuari@s ata a zona de descanso ou ata o casco urbano (1,50 euro/traxecto), con frecuencia cada hora.

## LIÑA DE BUSES URBANOS

Desde o domingo 10 de xullo ás 15 h ata o luns 18 de xullo ás 14 h, con frecuencias cada hora, en horario ininterrompido de 10:30 h ata unha hora despois do remate do último concerto (1,5 euros/traxecto).

Paradas:
- aparcadoiros públicos
- fronte á estación de Feve
- rotonda da praia

## TELÉFONOS DE INTERESE

Garda Civil 062
Emerxencias 112
Policía Local 696.44.68.63 / 64
Concello de Ortigueira 981 40 00 00
Ofic. Turismo porto 981.42.20.89
Ofic. Turismo estrada xeral 981.97.41.03
Renfe Ferrol 981.37.05.29
Buses Arriva 981.31.12.13

## ZONA DE RESTAURACIÓN

Na zona da Alameda instálanse diferentes postos "food trucks", con diferentes alimentos durante todo o día.

Tamén postos de polbo e churrasco.

Este ano, a Asociación rural "Vivo do Ortegal", apoiada polo Concello de Ortigueira, oferta produtos ecolóxicos de orixe local, así como comida variada **tanto vegana como sen glute**.

## COIDA O MEDIOAMBIENTE

Se decides achegarte ao piñeiral ou á praia de Morouzos, lembra que é un espazo natural protexido, e que debes preservalo.

## OUTRAS RECOMENDACIÓNS

Toda a zona de descanso está situada nunha área protexida con alto valor ecolóxico que debemos conservar entre todos. Para que haxa moitos festivais nos que poder gozalo responsablemente. Por esa razón, é moi importante:

- **COIDA O TEU CONTORNO PARA TER UN FESTIVAL INESQUECIBLE, EVITA PISAR AS DUNAS**
- **NON ACAMPES NO AREAL E NO PIÑEIRAL**
- **NON FAGAS LUME**
- **NON MALGASTES A AUGA**
- **UTILIZA AS PAPELEIRAS E CONTEDORES**
- **DEIXA NA CASA OS ANIMAIS DOMÉSTICOS**
- **RESPECTA A NATUREZA**

## AMIGAMOS?




### web

Desde **festivaldeortigueira.com** ofrecemos toda a información do evento. Con históricos de carteis, galerías de imaxes, e tamén paseos polos arredores, música, instrumentos e gastronomía do mundo celta, etc.




### facebook

Aquí xuntámonos máis de **26.000 amig@s**. Estamos moi agradecidos a tod@s!




## twitter

Os followers do mundo celta continuamos crecendo, xa somos case **4.000!**




## instagram

Unha foto en Ortigueira? súmate, somos xa **13.200**! síguenos e comparte!




## youtube

Todos os vídeos do festival están na canle en Youtube!

## ORGANIZA

Concello de Ortigueira

## PATROCINAN

# Agradecemento especial #Ortigueira2022

O Concello de Ortigueira agradece o esforzo e a implicación de todas as persoas que forman parte da organización, traballadores/as do Concello, colaboradores, **empresas, colectivos e persoas** que apoian e fan crecer cada ano máis a este evento. E a todos e todas os que gozades do mundo celta.




## #OitoNaciónsUnhaCultura

## #OchoNacionesUnaCultura

## #EightNationsOneCulture

**Vémonos en Ortigueira!**

## Contactos

### Concello de Ortigueira

info.festival@concellodeortigueira.com
concellodeortigueira.com

### Prensa e redes

981138225 - Elisardo de la Cruz
633481403 - Diego Vilar
658811400 - Ramón Roldán

prensa@festivaldeortigueira.com
festivaldeortigueira.com

**web** www.festivaldeortigueira.com
**facebook** facebook.com/festivaldeortigueira
**twitter** twitter.com/festortigueira
**instagram** instagram.com/festivaldeortigueira
**youtube** youtube.com/festivaldeortigueira